

# TARIFAS MUNICIPAIS

## Tarifas Comedor Escolar

MODALIDADE	TARIFA <sup>1</sup>
Fixo todo o mes	69,30 €
Catro días á semana	55,44 €
Tres días á semana	41,58 €
Dous días á semana	27,72 €
Un día á semana	13,86 €
Día solto ou esporádico	5,77 €

Os servizos de comedor e do programa mañanceir@s para o presente curso 16-17, están a funcionar nas mesmas condicións establecidas no pasado curso, coa salvidade de que agora contamos con dous espazos para estes servizos complementarios, un no edificio principal e administrativo do centro e outro no aulario de educación infantil.

- O servizo de Comedor Escolar está xestionado polo Concello de Betanzos de forma autónoma, pero integrado no centro e subordinado aos intereses da comunidade educativa.
- O Concello de Betanzos responsabilízase da tutela, orde e disciplina dos alumnos e alumnas usuarias no horario comprendido entre a terminación da xornada lectiva (14:00h.) ata as 16:00h., como máximo, cando son recollidos polas súas familias.
- O servizo non leva consigo a elaboración no centro de ningún alimento, só a súa distribución e consumo.
- É de cargo exclusivo da empresa contratada e do Concello de Betanzos a limpeza das instalacións, persoal auxiliar e material do devandito servizo.
- A atención ao alumnado usuario realizarase por medio do persoal auxiliar, antes citado, cumpríndose como mínimo as seguintes rateos: 1 monitor/a por cada 10 alumnas e alumnos de educación infantil e 1 monitor/a por cada 15 alumnas e alumnos de educación primaria.
- Alumnado usuario aproximado: 300
- Empresa de Catering: SERUNION Tfno 981795934.
- Persoal que atende o Servizo: 15 persoas.

## Tarifas Mañanceir@s

Segue a funcionar tamén o Programa Mañanceir@s, desde as 7:30h. da mañá, con servizo de gardería ou de gardería con almorzo. O número de alumnas e alumnos que o utilizan é de aproximadamente 100.

MODALIDADE	TARIFA	
	Con almorzo	Sen almorzo
5 días/semana	37,57 €	26,25 €
4 días/semana	30,80 €	22,40 €
3 días/semana	23,10 €	16,80 €
2 días/semana	15,40 €	11,20 €
1 día/semana	7,70 €	5,60 €

## Bonificacións

Sobre as tarifas dos servizos de Comedor e Programa Mañanceir@s aplicaranse as seguintes bonificacións, que deberán ser solicitadas polas persoas usuarias:

a-Por circunstancias familiares:

- Unidades familiares en situación de risco ou exclusión social 100%
- Familia numerosa, aplicable a cada beneficiari@ do servizo 65%
- Por dous irmáns beneficiari@s do servizo, ao segundo 70%

b-Por renda per cápita:

- Menor ou igual a 250 euros 100%
- De 251 a 300 euros 90%
- De 301 a 350 euros 80%
- De 351 a 400 euros 70%
- De 401 a 450 euros 60%
- De 451 a 500 euros 40%
- De 501 a 550 euros 30%
- De 551 a 600 euros 20%